



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

Proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia subgrupo A2

Segundo exercicio

Acceso :promoción interna

**Lea atentamente as instrucións antes de
comezar o exame**

INSTRUCCIÓN

- 1.- OS ASPIRANTES DEBEN REALIZAR UN DOS SUPOSTOS PRÁCTICOS QUE ELIXIRAN ENTRE OS DOUS (A E B) PROPOSTOS POLO TRIBUNAL**
- 2.- O EXERCICIO TERÁ UNHA DURACIÓN MÁXIMA DE 3 HORAS. CONTROLE O TEMPO E TEÑA EN CONTA QUE O EXAME ESTÁ PENSADO PARA SER DESENVOLVIDO NAS 3 HORAS DAS QUE DISPOÑE.**
- 3.- LEA ATENTAMENTE ÁS CUESTIÓN**S FORMULADAS E CONTESTE ESTRICTAMENTE AO QUE SE LLE ESTÁ PREGUNTANDO MOTIVANDO AS RESPOSTAS E CITANDO A NORMATIVA DE APLICACIÓN CANDO PROCEDA.
- 4.- PARA A VALORACIÓN DESTE EXERCICIO O TRIBUNAL TERÁ EN CONTA OS COÑECIMENTOS, A CAPACIDADE DE APLICAR A NORMATIVA AO CASO, A ORDE DE IDEAS E A SÚA SISTEMATIZACIÓN E A CALIDADE DA EXPRESIÓN ESCRITA.**

CUESTIONARIO GALEGO

CASO A

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria necesita comprar, para varios colexios públicos, mesas, cadeiras e pizarras para as aulas. Para esta compra ten un orzamento de licitación de 300.000 €.

Este contrato consta no anuncio de información previa enviado ao Diario Oficial da Unión Europea correctamente. No prego de cláusulas administrativas particulares do devandito contrato téñense en conta unha pluralidade de criterios para a adxudicación do mesmo.

Aberto o prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes empresas:

- O Corte Inglés, S.A
- A Unión Temporal de Empresas (UTE) formada por Carrefour e o Corte Inglés, S.A.
- A empresa MEG, SL

A empresa MEG, S.L., non ten a solvencia técnica necesaria que se establece como requisito para este contrato.

CUESTIÓNS:

Se tivese que levar a cabo esta compra para os colexios públicos:

- 1. Como cualificaría o contrato e a que regulación estaría sometido?**
- 2. Como determinaríase o obxecto deste contrato?**
- 3. Que procedemento utilizaría para este contrato?**
- 4. Se se tramitase segundo o procedemento aberto, cal sería o prazo de presentación de ofertas?**
- 5. Onde debería anunciarse o procedemento se este fose aberto?**
- 6. Que prazo ten para adxudicar o contrato?**
- 7. Neste suposto a UTE que se presenta, cando debe formalizar a súa unión e que responsabilidade teñen ambas as empresas respecto da UTE?**
- 8. Finalizado o prazo de presentación de proposicións o órgano competente para a valoración das proposicións, que debe de facer?. E ante a presentación destas ofertas, que decisións debe de tomar?**

9. **Ante o acordo de exclusión da empresa MEG, que podería facer esta empresa?**
10. **Identifique as distintas fases do gasto existentes no procedemento de licitación supoñendo que finalmente o contrato fora adxudicado por un total de 280.000 €.**
11. **Para realizar as tarefas de limpeza, o colexio conta entre outros con Pedro Pérez Salgado, con 30 anos de servizo, e con Marta Pérez García, con 150 días de antigüidade, ámbolos dous persoal laboral da Xunta de Galicia. Tendo en conta que Pedro realiza as tarefas de limpeza a xornada partida, terá dereito a unha pausa retribuída ao longo da súa xornada de traballo?**
12. **Pedro desexa gozar das súas vacacións no mes de abril e o centro, que permanece pechado durante os meses de xullo e agosto, denégallas. Actúa correctamente o centro?**
13. **Marta quéixase continuamente á Dirección do colexio porque Pedro realiza unha xornada laboral de 37 horas semanais. Leva Marta razón nas súas protestas?**
14. **Tendo en conta que o persoal de limpeza conta cun salario base bruto anual de 15.000 € e que o importe mensual dos trienios ascende a 30 €, cal sería a contía da paga extraordinaria que percibiría Marta no segundo semestre do ano?**
15. **Ao finalizar o ano Pedro contabiliza un total de 100 horas extraordinarias, todas elas realizadas en días laborables. Compensaráselle economicamente a Pedro estas horas extraordinarias?. A canto ascendería o importe máximo anual que tería dereito a percibir Pedro por este concepto?**

O representante legal do Corte Inglés S.A en Galicia, D. Marcial Ruíz Casillas, desprazouse ata o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia situado dentro do edificio Administrativo de San Caetano co obxectivo de presentar a oferta da súa empresa a esta licitación de material escolar cando entrando no devandito rexistro escorrega, e cae ao chan impactando co xeonllo esquerdo, sendo aproximadamente as 9.45 horas cando sucede o sinistro.

No seu auxilio acudiron dúas persoas, non identificadas, que se atopaban na cola así como dous funcionarios os cales avisaron inmediatamente ao 061, a control de accesos e ao servizo de limpeza da subdirección xeral de Coordinación de Servizos Transversais ao constatar a existencia dunha mancha no lugar da caída. O persoal do servizo de limpeza presentouse aos cinco minutos de efectuada a chamada de aviso sinalizando a zona afectada e comezando as tarefas de limpeza.

O persoal sanitario, unha vez inmovilizada a perna, trasládalle ao hospital onde se lle somete a unha intervención cirúrxica para redución aberta e fixación de rótula esquerda con material de

osteosíntesis e posterior inmovilización con férula posterior. O tratamento rehabilitador esténdese durante un ano con posterioridade á operación tras o cal obtén a alta médica.

Segundo consta no informe do Servizo de Xestión de Infraestruturas emitido nos 15 días seguintes á súa solicitude, entre as 1:15 e 1:30 horas desa madrugada realizouse a actividade rutinaria de limpeza e que segundo consta nos partes, recibiron unha chamada do Rexistro ás 9:53 horas para limpeza dunha sustancia esvaradía "non tendo constancia da mesma con anterioridade a esa chamada".

D. Marcial, 18 meses despois de recibida a alta médica, presenta un escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial alegando o incumprimento por parte da Xunta da obriga de vixilancia e mantemento das súas instalacións en bo estado, tendo en conta que o motivo da súa caída foi atoparse derramada sobre o chan unha sustancia deslizante e transparente que non podía apreciarse con antelación. Solicita, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, a cantidade de 40.000 euros.

O instrutor do procedemento, unha vez recibido o informe do Servizo de Xestión de Infraestruturas, e sen máis trámites, decide solicitar directamente o ditame ao Consello Consultivo de Galicia, despois de ditar a proposta de resolución.

CUESTIÓNS:

- 16. Poderíase admitir a trámite esta solicitude de iniciación de procedemento de responsabilidade patrimonial?**
- 17. Pensa que esta solicitude está ben fundamentada en canto ao nexo causal e á valoración dos danos?**
- 18. Que valoración pódese facer do informe do Servizo de Xestión de Infraestruturas?**
- 19. Como valora a petición do ditame ao Consello Consultivo de Galicia?**
- 20. Expoña brevemente a súa consideración sobre o sentido do ditame do Consello Consultivo de Galicia.**

CASO B (ver calendario anexo)

O 12 de xaneiro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 2 de xaneiro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, mancomunidades e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

A partida orzamentaria prevista ascende a un total de 200.000 € que se imputarán á aplicación 10.20.432B.760.0.

Na convocatoria establécense, entre outras, as seguintes cláusulas:

- O prazo de presentación das solicitudes será dun mes.
- O importe da subvención a recibir por cada beneficiario será de:
 - Un mínimo de 1.000 € e un máximo de 2.500 € para o caso dos concellos e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia.
 - Un mínimo de 3.500 € e un máximo de 6.000 € para as agrupacións de concellos e mancomunidades.
- O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finaliza o 1 de outubro de 2016 .
- Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O órgano instrutor do procedemento será o secretario xeral de Cultura.

O 1 de abril de 2016, o órgano instrutor do procedemento dita proposta de resolución provisional onde se recolle unha lista coas solicitudes admitidas, a puntuación obtida e a contía concedida. No mesmo informe determínanse as solicitudes rexeitadas coas seguintes causas de exclusión:

- A solicitude presentada polo concello A o 15 de febreiro de 2016 é rexeitada por estar presentada fóra de prazo.
- A solicitude da agrupación de concellos B é rexeitada por non nomear representante da agrupación.
- A solicitude presentada polo concello C non é admitida por non presentar a documentación acreditativa de cumprir co requisito previsto no artigo 10.2.e) da Lei 2/2007 ao non presentar un certificado emitido polas entidades correspondentes e achegar no seu lugar unha declaración responsable asinada polo secretario-interventor do concello.

Así mesmo, nesta mesma resolución determínase que á mancomunidade A lle sexa outorgada unha subvención nunha contía inferior nun 25% á que figura na solicitude presentada, circunstancia que non lle permite executar a actuación prevista conforme á súa proposta inicial.

O 2 de maio de 2016 dítase resolución definitiva que é notificada individualmente aos solicitantes propostos como beneficiarios. Transcorrido o prazo para a aceptación da subvención, compróbase que dous dos concellos beneficiarios non presentaron o documento de aceptación expresa da subvención, polo que se procede á súa exclusión como adxudicatarios na resolución definitiva.

O 27 de xuño de 2016 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dita resolución definitiva sobre o procedemento de adxudicación.

CUESTIÓNS:

- 1. Determine a procedencia das causas de exclusión de acordo co establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.**
- 2. Sería posible subsanar estas deficiencias por parte dos solicitantes? De ser así, explique esquematicamente o procedemento.**
- 3. O feito de que a Mancomunidade A non poida executar a a actuación prevista conforme á proposta presentada, implica a súa exclusión da proposta de resolución definitiva? Razoe a súa resposta.**
- 4. Se a resolución definitiva é notificada a todos os interesados, sería necesario proceder tamén á publicación das subvencións concedidas? É correcta a exclusión dos concellos que non remitiron a aceptación en prazo?**
- 5. En caso de desconformidade coa resolución do 27 de xuño do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que posibilidades de impugnación teñen os interesados? Indique esquematicamente o tipo de recurso ou recursos posibles, prazos, órgano competente para resolver e valore se a súa interposición suspende a execución do acto impugnado.**

Chegado o prazo para a xustificación dos gastos e unha vez examinada a documentación presentada polos beneficiarios, o órgano competente para a xestión económica do pagamento detecta as seguintes incidencias:

- a. O concello M, a pesar de achegar a documentación prevista no artigo 10.2 da Lei 2/2007, ten unha débeda pendente coa Seguridade Social por falta de pagamento das cotas sociais dos traballadores do Concello dos tres últimos meses.
- b. O concello X achega como gasto unha factura de 600 € emitida polo bufete de Avogados Pérez S.L, correspondentes aos gastos dun litixio sobre o arrendamento do local que foi acondicionado cos fondos da subvención.

- c. O concello P presentou a documentación xustificativa 8 días despois do prazo máximo previsto na convocatoria.

CUESTIÓNS:

6. **Determine brevemente as consecuencias das irregularidades detectadas.**
7. **É correcta a comprobación das débedas coa Seguridade Social do beneficiario da subvención realizada polo órgano xestor?**

Supoña que transcorreron dous anos desde o pagamento efectivo das subvencións e tras a realización dunha auditoría compróbase que:

- a. **Tras unha visita ás instalacións do concello V, verifícase que o material adquirido con cargo á subvención non se destinou á realización de actividades culturais, senón que foi destinado á elaboración e impresión dunha guía para a promoción turística do concello.**
- b. **O concello Z, que no seu momento recibiu unha subvención por un total de 2.500 €, aportou como xustificación unha factura por un total de 500 € correspondente a gastos realizados nunha data anterior ao período subvencionable, motivo polo cal se considera que non é admisible como xustificante do gasto subvencionado.**

CUESTIÓNS

8. **Quen é o órgano competente para a realización do control financeiro?**
9. **Determine as consecuencias xurídicas da actuación do concello V.**
10. **Respecto ao concello Z, procederá o inicio dun expediente de reintegro? Se a resposta fose afirmativa, que cantidade pensa que debería ser reclamada ao concello?**
11. **Identifique as distintas fases de gasto existentes neste procedemento, supoñendo que o montante total do conxunto de subvencións adxudicadas sexa de 180.000 €.**
12. **É posible que os requirimentos de subsanación remitidos aos solicitantes sexan asinados por persoal laboral da Xunta de Galicia? Razoe a resposta.**
13. **A persoa encargada da xestión económica deste procedemento de subvención é Mónica Rodríguez Vázquez, funcionaria de carreira do subgrupo A2 da Xunta de Galicia e con posto de traballo na localidade de Santiago de Compostela. O marido de Mónica pasa a desempeñar un posto de traballo provisional na localidade da Coruña, ten dereito Mónica a solicitar unha excedencia por agrupación familiar?**

- 14. Carlos, o fillo de Mónica, cun grao de discapacidade do 55%, percibe unha retribución de 20.000 € anuais por prestar servizos na empresa Patos, S.L. Neste caso, tería Mónica dereito a solicitar unha excedencia por coidado de familiares?**
- 15. Durante a tramitación do procedemento de subvención, Mónica Rodríguez Vázquez obtén, polo procedemento de libre designación, un posto de traballo na Comunidade Autónoma do País Vasco. Neste caso, en que situación administrativa se atopa Mónica?. Que ocorrería no caso de que Mónica fose cesada no posto que obtivo por libre designación e en que situación administrativa se atoparía se non solicita o reingreso ao servizo activo nos prazos previstos?**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria decide elevar ao Consello da Xunta os seguintes acordos os cales son adoptados na súa reunión do 6 de xuño de 2015 :

- 1.- Permutar o edificio da súa propiedade sito na rúa Eduardo Branco Amor, número 2 de Lugo, e cuxo valor segundo taxación pericial é de 2 millóns de euros, por outro propiedade da Deputación de Lugo situado na rúa do Progreso, número 30 de Lugo , e cuxo valor segundo taxación pericial é de 5 millóns de euros.
- 2.- Ceder catro equipos informáticos procedentes da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da devandita Consellería á Fundación Esperanza co obxecto de que eses equipos sexan destinados á formación profesional das persoas en risco de exclusión social que estean a ser tratadas nos centros da devandita Fundación.
- 3.- Allear mediante o procedemento de poxa un ben inmovible propiedade da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) situado en Santiago de Compostela e valorado en 5 millóns de euros á empresa Filmax Galicia S.A. Este inmovible estaba clasificado como demanial e non se tiña acordada aínda a desafectación do inmovible. Con posterioridade ao alleamento o propio Consello da Xunta dita unha resolución o día 21 de novembro de 2015 pola que declara a nulidade de pleno dereito da compravenda efectuada.

CUESTIÓNS:

- 16. En relación ao suposto da permuta valore se a Xunta optou pola forma xurídica máis adecuada para levar a cabo a devandita operación.**
- 17. Que ocorrería se despois os devanditos equipos fosen destinados realmente a actividades de xestión común por parte do persoal contratado pola Fundación?**
- 18. Analice se é correcta a decisión de allear un ben demanial á empresa Filmax Galicia S.A.**

19. Ante que tipo de procedemento nos atopamos cando o propio Consello decide reconsiderar anular a compravenda? É unha decisión axustada a dereito? Que posibles vías de impugnación tería Filmax Galicia S.L na defensa dos seus propios intereses?
20. Analice esquematicamente a competencia do Consello da Xunta para adoptar todos os acordos mencionados no suposto.

ANEXO

Calendario 2016

Enero							Febrero							Marzo							Abril						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	7	
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31	29							28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	

Mayo							Junio							Julio							Agosto						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do
						1	1	2	3	4	5		1	2	3				1	2	3	4	5	6	7		
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31	29	30	31				
30	31																										

Septiembre							Octubre							Noviembre							Diciembre						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do
			1	2	3	4					1	2	1	2	3	4	5	6	1	2	3	4	5	6	7		
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				26	27	28	29	30	31		
							31																				

CUESTIONARIO CASTELLANO

CASO A

La Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria necesita comprar, para varios colegios públicos, mesas, sillas y pizarras para las aulas. Para esta compra tiene un presupuesto de licitación de 300.000 €.

Este contrato consta en el anuncio de información previa enviado al Diario Oficial de la Unión Europea correctamente. En el pliego de cláusulas administrativas particulares de dicho contrato se tienen en cuenta una pluralidad de criterios para la adjudicación del mismo.

Abierto el plazo de presentación de ofertas, se presentaron las siguientes empresas:

- El Corte Inglés, S.A
- La Unión Temporal de Empresas (UTE) formada por Carrefour y el Corte Inglés, S.A.
- La empresa MEG, SL

La empresa MEG, S.L., no tiene la solvencia técnica necesaria que se establece como requisito para este contrato.

CUESTIONES:

Si tuviera que llevar a cabo esta compra para los colegios públicos:

- 1. ¿Cómo calificaría el contrato y a qué regulación estaría sometido?**
- 2. ¿Cómo determinaría el objeto de este contrato?**
- 3. ¿Qué procedimiento utilizaría para este contrato?**
- 4. Si se tramitase según el procedimiento abierto, ¿cuál sería el plazo de presentación de ofertas?**
- 5. ¿Dónde debería anunciarse el procedimiento si éste fuese abierto?**
- 6. ¿Qué plazo tiene para adjudicar el contrato?**
- 7. En este supuesto la UTE que se presenta ¿cuándo debe formalizar su unión y qué responsabilidad tienen ambas empresas respecto a la UTE?**
- 8. Finalizado el plazo de presentación de proposiciones el órgano competente para la valoración de las proposiciones, ¿qué debe de hacer? Y ante la presentación de estas ofertas, qué decisiones debe de tomar?**

9. **Ante el acuerdo de exclusión de la empresa MEG, ¿qué podría hacer esta empresa?**
10. **Identifique las distintas fases del gasto existentes en el procedimiento de licitación suponiendo que finalmente el contrato se adjudicase por un total de 280.000 €**
11. **Para realizar las tareas de limpieza, el colegio cuenta entre otros con Pedro Pérez Salgado, con 30 años de servicio, y con Marta Pérez García, con 150 días de antigüedad, ambos personal laboral de la Xunta de Galicia. Teniendo en cuenta que Pedro realiza las tareas de limpieza a jornada partida, ¿tendrá derecho a una pausa retribuida a lo largo de su jornada de trabajo?**
12. **Pedro desea disfrutar de sus vacaciones en el mes de abril y el centro, que permanece cerrado durante los meses de julio y agosto, se las deniega. ¿Actúa correctamente el centro?**
13. **Marta se queja continuamente a la Dirección del colegio porque Pedro realiza una jornada laboral de 37 horas semanales. ¿Lleva Marta razón en sus protestas?**
14. **Teniendo en cuenta que el personal de limpieza cuenta con un salario base bruto anual de 15.000 € y que el importe mensual de los trienios asciende a 30 €, ¿cuál sería la cuantía de la paga extraordinaria que percibiría Marta en el segundo semestre del año?**
15. **Al finalizar el año Pedro contabiliza un total de 100 horas extraordinarias, todas ellas realizadas en días laborables. ¿Se le compensarán económicamente a Pedro estas horas extraordinarias? ¿A cuánto ascendería el importe máximo anual que tendría derecho a percibir Pedro por este concepto?**

El representante legal del Corte Inglés S.A en Galicia, D. Marcial Ruíz Casillas, se desplazó hasta el Rexistro Xeral de la Xunta de Galicia situado dentro del edificio Administrativo de San Caetano con el objetivo de presentar la oferta de su empresa a esta licitación de material escolar cuando entrando en dicho registro resbala y cae al suelo impactando con la rodilla izquierda, siendo aproximadamente las 9.45 horas cuando sucede el siniestro.

En su auxilio acudieron dos personas, no identificadas, que se encontraban en la cola así como dos funcionarios los cuales avisaron inmediatamente al 061, a control de accesos y al servicio de limpieza de la subdirección general de Coordinación de Servicios Transversales al constatar la existencia de una mancha en el lugar de la caída. El personal del servicio de limpieza se presentó a los cinco minutos de efectuada la llamada de aviso señalizando la zona afectada y comenzando las tareas de limpieza.

El personal sanitario, una vez inmovilizada la pierna, le traslada al hospital donde se le somete a una intervención quirúrgica para reducción abierta y fijación de rótula izquierda con material de osteosíntesis y posterior inmovilización con férula posterior. El tratamiento rehabilitador se extiende durante un año con posterioridad a la operación tras el cual obtiene el alta médica.

Según consta en informe del Servicio de Gestión de Infraestructuras emitido en los 15 días siguientes a su solicitud, entre las 1:15 y 1:30 horas de esa madrugada se había realizado la actividad rutinaria de limpieza y que según consta en los partes recibieron una llamada del Rexistro a las 9:53 horas para limpieza de una sustancia resbaladiza "no teniendo constancia de la misma con anterioridad a esa llamada".

D. Marcial, 18 meses después de recibida el alta médica, presenta un escrito de reclamación de responsabilidad patrimonial alegando el incumplimiento por parte de la Xunta de la obligación de vigilancia y mantenimiento de sus instalaciones en buen estado, toda vez que el motivo de su caída fue encontrarse derramada sobre el suelo una sustancia deslizante y transparente que no podía apreciarse con antelación. Solicita, en concepto de indemnización de daños y perjuicios, la cantidad de 40.000 euros.

El instructor del procedimiento, una vez recibido el informe del Servicio de Gestión de Infraestructuras, y sin más trámites, decide solicitar directamente el dictamen al Consello Consultivo de Galicia, después de dictar la propuesta de resolución."

CUESTIONES:

- 16. ¿Se podría admitir a trámite esta solicitud de iniciación de procedimiento de responsabilidad patrimonial?**
- 17. ¿Cree que esta solicitud está bien fundamentada en cuanto al nexo causal y a la valoración de los daños?**
- 18. ¿Qué valoración se puede hacer del informe del Servicio de Gestión de Infraestructuras?**
- 19. ¿Cómo valora la petición del dictamen al Consello Consultivo de Galicia?**
- 20. Exponga brevemente su consideración acerca del sentido del dictamen del Consello Consultivo de Galicia.**

CASO B (ver calendario anexo)

El 12 de enero de 2016 se publicó en el Diario Oficial de Galicia la Orden de 2 de enero de 2016 de la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión, en régimen de concurrencia competitiva, de subvenciones a ayuntamientos de Galicia y a sus entidades públicas con personalidad jurídica propia, mancomunidades y agrupaciones de ayuntamientos, para la equipación y mejora de las instalaciones y locales utilizados para la realización de actividades culturales, y se procede a su convocatoria para el año 2016.

La partida presupuestaria prevista asciende a un total de 200.000 € que se imputarán a la aplicación 10.20.432B.760.0.

En la convocatoria se establecen, entre otras, las siguientes cláusulas:

- El plazo de presentación de las solicitudes será de un mes.
- El importe de la subvención a recibir por cada beneficiario será de:
 - Un mínimo de 1.000 € y un máximo de 2.500 € para el caso de los ayuntamientos y sus entidades públicas con personalidad jurídica propia.
 - Un mínimo de 3.500 € y un máximo de 6.000 € para las agrupaciones de ayuntamientos y mancomunidades.
- El plazo para la presentación de la documentación justificativa de la subvención finaliza el 1 de octubre de 2016 .
- Procederá el reintegro, total o parcial, de las subvenciones y ayudas públicas percibidas cuando concurren cualesquiera de las circunstancias previstas en el título II de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.
- El órgano instructor del procedimiento será el secretario xeral de Cultura.

El 1 de abril de 2016, el órgano instructor del procedimiento dicta propuesta de resolución provisional donde se recoge una lista con las solicitudes admitidas, la puntuación obtenida y la cuantía concedida. En el mismo informe se determinan las solicitudes rechazadas con las siguientes causas de exclusión:

- La solicitud presentada por el ayuntamiento A el 15 de febrero de 2016 es rechazada por estar presentada fuera de plazo.
- La solicitud de la agrupación de ayuntamientos B, es rechazada por no nombrar representante de la agrupación.
- La solicitud presentada por el ayuntamiento C no es admitida por no presentar la documentación acreditativa de cumplir con el requisito previsto en el artículo 10.2.e) de la Ley 2/2007 al no presentar un certificado emitido por las entidades correspondientes y

aportar en su lugar una declaración responsable firmada por el secretario-interventor del ayuntamiento.

Asimismo, en esta misma resolución se determina que a la mancomunidad A le sea otorgada una subvención en una cuantía inferior en un 25% a la que figura en la solicitud presentada, circunstancia que no le permite ejecutar la actuación prevista conforme a su propuesta inicial.

El 2 de mayo de 2016 se dicta resolución definitiva que es notificada individualmente a los solicitantes propuestos como beneficiarios. Transcurrido el plazo para la aceptación de la subvención se comprueba que dos de los ayuntamientos beneficiarios no presentaron el documento de aceptación expresa de la subvención, por lo que se procede a su exclusión como adjudicatarios en la resolución definitiva.

El 27 de junio de 2016 el conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria dicta resolución definitiva sobre el procedimiento de adjudicación.

CUESTIONES:

- 1. Determine la procedencia de las causas de exclusión de acuerdo con el establecido en la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia.**
- 2. ¿Sería posible subsanar estas deficiencias por parte de los solicitantes? De ser así, explique esquemáticamente el procedimiento.**
- 3. El hecho de que la Mancomunidad A no pueda ejecutar la la actuación prevista conforme a la propuesta presentada, ¿implica su exclusión de la propuesta de resolución definitiva? Razone su respuesta.**
- 4. Si la resolución definitiva es notificada a todos los interesados, ¿sería necesario proceder también a la publicación de las subvenciones concedidas? ¿Es correcta la exclusión de los ayuntamientos que no remitieron la aceptación en plazo?**
- 5. En caso de disconformidad con la resolución de 27 de junio del conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, ¿qué posibilidades de impugnación tienen los interesados? Indique esquemáticamente el tipo de recurso o recursos posibles, plazos, órgano competente para resolver y valore si su interposición suspende la ejecución del acto impugnado.**

Llegado el plazo para la justificación de los gastos y una vez examinada la documentación presentada por los beneficiarios, el órgano competente para la gestión económica del pago detecta las siguientes incidencias:

- a. El ayuntamiento M, a pesar de haber aportado la documentación prevista en el artículo 10.2 de la Ley 2/2007, tiene una deuda pendiente con la Seguridad Social por impago de las cuotas sociales de los trabajadores del Ayuntamiento de los tres últimos meses.
- b. El ayuntamiento X aporta como gasto una factura de 600 € emitida por el bufete de Abogados Pérez S.L, correspondientes a los gastos de un litigio sobre el arrendamiento del local que fue acondicionado con los fondos de la subvención.
- c. El ayuntamiento P presentó la documentación justificativa 8 días después del plazo máximo previsto en la convocatoria.

CUESTIONES:

6. **Determine brevemente las consecuencias de las irregularidades detectadas.**
7. **¿Es correcta la comprobación de las deudas con la Seguridad Social del beneficiario de la subvención realizada por el órgano gestor?**

Suponga que transcurrieron dos años desde el pago efectivo de las subvenciones y tras la realización de una auditoría se comprueba que:

- a. Tras una visita a las instalaciones del ayuntamiento V, se verifica que el material adquirido con cargo a la subvención no se destinó a la realización de actividades culturales, sino que fue destinado a la elaboración e impresión de una guía para la promoción turística del ayuntamiento.
- b. El ayuntamiento Z, que en su momento recibió una subvención por un total de 2.500 €, aportó como justificación una factura por un total de 500 € correspondiente a gastos realizados en una fecha anterior al período subvencionable, motivo por el cual se considera que no es admisible como justificante del gasto subvencionado.

CUESTIONES

8. **¿Quién es el órgano competente para la realización del control financiero?**
9. **Determine las consecuencias jurídicas de la actuación del ayuntamiento V.**
10. **Respecto al ayuntamiento Z, ¿procederá el inicio de un expediente de reintegro? Si la respuesta fuera afirmativa, ¿qué cantidad piensa que debería ser reclamada al ayuntamiento?**
11. **Identifique las distintas fases de gasto existentes en este procedimiento, suponiendo que el montante total del conjunto de subvenciones adjudicadas sea de 180.000 €.**

12. ¿Es posible que los requerimientos de subsanación remitidos a los solicitantes sean firmados por personal laboral de la Xunta de Galicia? Razone la respuesta.
13. La persona encargada de la gestión económica de este procedimiento de subvención es Mónica Rodríguez Vázquez, funcionaria de carrera del subgrupo A2 de la Xunta de Galicia y con puesto de trabajo en la localidad de Santiago de Compostela. El marido de Mónica pasa a desempeñar un puesto de trabajo provisional en la localidad de A Coruña, ¿tiene derecho Mónica a solicitar una excedencia por agrupación familiar?
14. Carlos, el hijo de Mónica, con un grado de discapacidad del 55%, percibe una retribución de 20.000 € anuales por prestar servicios en la empresa Patos, S.L. En este caso, ¿tendría Mónica derecho a solicitar una excedencia por cuidado de familiares?
15. Durante la tramitación del procedimiento de subvención, D^a. Mónica Rodríguez Vázquez obtiene, por el procedimiento de libre designación, un puesto de trabajo en la Comunidad Autónoma del País Vasco. En este caso, ¿en qué situación administrativa se encuentra Mónica? ¿Qué ocurriría en el supuesto de que Mónica fuera cesada en el puesto que obtuvo por libre designación y en qué situación administrativa se encontraría si no solicita el reingreso al servicio activo en los plazos previstos?

La Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria decide elevar al Consello da Xunta los siguientes acuerdos los cuáles son adoptados en su reunión de 6 de junio de 2015:

- 1.- Permutar el edificio de su propiedad sito en la calle Eduardo Blanco Amor, número 2 de Lugo, y cuyo valor según tasación pericial es de 2 millones de euros, por otro propiedad de la Diputación de Lugo situado en la calle del Progreso, número 30 de Lugo, y cuyo valor según tasación pericial es de 5 millones de euros.
- 2.- Ceder cuatro equipos informáticos procedentes de la Dirección General de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa de la dicha Consellería a la Fundación Esperanza con el objeto de que esos equipos sean destinados a la formación profesional de las personas en riesgo de exclusión social que estén siendo tratadas en los centros de la dicha Fundación.
- 3.- Enajenar mediante el procedimiento de subasta un bien inmueble propiedad de la Agencia Gallega de Industrias Culturales (AGADIC) situado en Santiago de Compostela y valorado en 5 millones de euros a la empresa Filmax Galicia S.A. Este inmueble estaba clasificado como demanial y no se tenía acordada aún la desafectación del inmueble. Con posterioridad a la enajenación el propio Consello da Xunta dicta una resolución el día 21 de noviembre de 2015 por la que declara la nulidad de pleno derecho de la compraventa efectuada.

CUESTIONES:

16. En relación al supuesto de la permuta valore si la Xunta optó por la forma jurídica más adecuada para llevar a cabo dicha operación.
17. ¿Qué ocurriría si después dichos equipos fueran destinados realmente la actividades de gestión común por parte del personal contratado por la Fundación?
18. Analice si es correcta la decisión de enajenar un bien demanial a la empresa Filmax Galicia S.A.
19. ¿Ante qué tipo de procedimiento nos encontramos cuando el propio Consello decide reconsiderar anular la compraventa? ¿Es una decisión ajustada a derecho? ¿Qué posibles vías de impugnación tendría Filmax Galicia S.L en la defensa de sus propios intereses?
20. Analice esquemáticamente la competencia del Consello da Xunta para adoptar todos los acuerdos mencionados en el supuesto.

ANEXO

Calendario 2016

Enero							Febrero							Marzo							Abril						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6					1	2	3	
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31	29	28	29	30	31	28	29	30	31	25	26	27	28	29	30						

Mayo							Junio							Julio							Agosto						
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do
						1			1	2	3	4	5					1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30	25	26	27	28	29	30	31	29	30	31							

Septiembre							Octubre							Noviembre							Diciembre									
Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Sa	Do			
				1	2	3	4						1	2			1	2	3	4	5	6					1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11			
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18			
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25			
26	27	28	29	30	24	25	26	27	28	29	30	28	29	30	26	27	28	29	30	31										

